

ABRIL 2019

LATINOAMÉRICA...(S)

**ABRIL
01** **LA QUIETUD de PABLO TRAPERO
 (A QUIETUDE)
 ARXENTINA 2018; 117' V.O.**

**ABRIL
08** **LA FAMILIA de GUSTAVO RONDÓN CÓRDOVA
 (A FAMILIA)
 VENEZUELA/CHILE/NORUEGA 2017; 82' V.O.**

**ABRIL
15** **MIRIAM MIENTE de NATALIA CABRAL & ORIOL ESTRADA
 (MIRIAM MINTE)
 REP. DOMINICANA 2018; 90' V.O.**

**ABRIL
22** **LA FRANCESITA de GONZALO JUSTINIANO
 (A FRANCESIÑA)
 CHILE 2017; 95' V.O.**

**ABRIL
29** **FILME SORPRESA**

**AUDITORIO MUNICIPAL DE VIGO: PRAZA DO REI
 ÁS 20:30 HORAS**

Colaboran:

**CONCELLO DE VIGO E FEDERACIÓN DE GALICIA DE
 CINECLUBS**

LATINOAMÉRICA...(S)

Unha longa viaxe audiovisual nun puñado de letras; nela, acompañan abundantes expresións formais e coraxes narrativas. Nesta dilatada xeografía que presenta xeitos diversos de entender e facer o traballo cinematográfico, conviven países que aportan unha extensa tradición como México, Arxentina ou Brasil, con outros cuxo cine é aínda primeirizo, como Bolivia, Paraguai, Panamá ou Costa Rica.

En termos cuantitativos, a produción de cine en Latinoamérica pasa un bo momento, ademais de ser un dos máis dinámicos e diversos do mundo; aínda que a sombra de Hollywood é longa, ten conquistado, cada vez máis, o seu espazo nas taquillas, festivais, crítica e público ao redor do mundo.

A QUIETUDE, neste filme Pablo Trapero debuxa un mundo nun estado case irreal, nunha calma aparente, na que desenvolve un microuniverso que serve como espello para falar do seu país. Un retrato de mulleres sostido nunha realidade paralela onde nada é o que parece.

A FAMILIA, Gustavo Rondón Córdova fai un exercicio de depuración, con máis indicios que evidencias, con máis silencios e olladas que diálogos, no que conta con dúas portentosas interpretacións para retratar con elegancia a lei do máis forte, aínda que deixa un espazo para un fío de esperanza.

MIRIAM MIENTE, Natalia Cabral e Oriol Estrada parten dunha anécdota da directora na que buscan amosar a idiosincrasia da sociedade dominicana na que dúas amigas de familias acomodadas van a celebrar a tradicional festa dos quince anos.

A FRANCESIÑA, Gonzalo Justiniano sitúa o filme nos anos dos primeiros levantamentos en contra do réxime militar de Pinochet. Utiliza material de arquivo gravado por el mesmo, e reconstrúe aspectos pouco coñecidos desa realidade para narrar paralelamente a historia dunha muller común e corrente na loita pola democracia.

ABRIL
01
Luns ás 20:30h

LA QUIETUD de PABLO TRAPERO
(A QUIETUDE)
ARXENTINA 2018; 117' V.O.

Ficha técnica

|||||
Dirección: Pablo Trapero
Guión: Pablo Trapero e
Alberto Rojas Apel
Música: Papamusic
Fotografía: Diego Dussuel

Ficha artística

|||||
Bérenice Bejo
Martina Gusman
Edgar Ramirez
Graciela Borges

SINOPSE

Dúas irmáns teñen un encontro tras moito tempo separadas. Unha regresa polo fráxil estado de saúde do pai, e a outra, pretende que nada mude. Xunto á nai, as tres estarán obrigadas a reconstruír o pasado e a enfrentar os desafíos do presente

PABLO TRAPERO

Director, produtor, actor, montador e guionista nado no 1971 en Bos Aires. É un dos máximos expoñentes do novo cine arxentino que xurdiu a mediados dos anos noventa. Os seus filmes son de corte realista, case documentais, nos que retrata a xente normal en actividades cotiás e destacando as inxustizas da sociedade contemporánea. Estuda Dirección na Fundación Universidade do Cine (FUC), en Bos Aires. En 1996 crea, xunto a outros realizadores mozos, *Cinematográfica Sargentina*, a súa primeira compañía de produción. En 1999 debuta como director con *Mundo grúa*, coa que acada numerosos premios nos festivais de cine e dáse a coñecer internacionalmente. En 2001 realiza a medimetraxe *Naikor*. Logo roda *O Bonaerense* (2002). En 2002 funda *Matanza Cine*, unha nova compañía de produción de cine independente.

Entre a súa filmografía destacamos, *Familia rodante* (2004), *Nacido e criado* (2006), *Leonera* (2008), *Carancho* (2010), *Elefante branco* (2012), *O Clan* (2015). *Rotterdam. I Love You* (2019), aínda sen estrear é o seu último traballo.

ABRIL
08
Luns ás 20:30h

LA FAMILIA de GUSTAVO RONDÓN CÓRDOVA
(A FAMILIA)
VENEZUELA/CHILE/NORUEGA 2017; 82' V.O.

Ficha técnica

|||||
Dirección e Guión: Gustavo Rondón Córdova
Fotografía: Luis Armando Arteaga
Música: Alejandro Zavala

Ficha artística

|||||
Giovanny García
Reggie Reyes

MELLOR FILME NO FESTIVAL DE BIARRITZ
MELLOR FILME NO FESTIVAL DE MIAMI
MELLOR FILME INTERNACIONAL NO FESTIVAL NEW YORK LATINO FILM FESTIVAL
MELLOR FILME DE FICCIÓN NO FESTIVAL BOSTON LATINO FILM FESTIVAL
MELLOR FILME E MELLORES ACTORES NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE SANTIAGO DE CHILE
MELLOR FILME NO FESTIVAL DE LIMA LATINO FILM FESTIVAL

SINOPSE

Nun barrio obreiro de Caracas un pai e o seu fillo case non coinciden no fogar. Un ocupa o seu tempo con varios traballos, e o outro deambula polas rúas xogando e aprendendo nun ambiente violento. Nun partido de pelota, o rapaz pelexa con outro neno a quen fere gravemente.

GUSTAVO RONDÓN CÓRDOVA

Director, montador, guionista e produtor. Nado en Caracas en 1977. Estuda Comunicación Social na Universidade Central de Venezuela e se especializa en cine no Programa Académico de Dirección de Cine na Escola de Cine e Televisión da Academia de Artes Interpretativas en Praga (FAMU). Entre 2003 e 2012 escribe, edita e dirixe cinco curtametraxes que foron seleccionados en festivais internacionais de cine. Entre eles: *A liña do olvido* (2004), *Que importa canto duran as pilas?* (2005), *Lis* (2006), *Mezi bratry* (2007), *Nostalxia* (2012). Este filme é o seu debut na longametraxe, tamén é o último traballo como director.

ABRIL
15

MIRIAM MIENTE de NATALIA CABRAL & ORIOL ESTRADA
(MIRIAM MINTE)

Luns ás 20:30h

REP. DOMINICANA 2018; 90' V.O.

Ficha técnica

|||||

Dirección e

Guión: Natalia Cabral, Oriol Estrada

Natalia Cabral, Oriol Estrada

Música: Ernesto Paredano

Fotografía: Israel Cárdenas

Ficha artística

Dulce Rodríguez

Carolina Rohana

Pachy Méndez

Frank Perozo

PREMIO ALMA AOS CINEASTAS NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE XIXÓN 2018

COLON DE OURO AOS CINEASTAS NO FESTIVAL DE CINE LATINOAMERICANO DE HUELVA 2018

MENCIÓN ESPECIAL AOS CINEASTAS NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE KARLOVY VARY 2018

SINOPSE

O tranquilo mundo dunha familia pequeno burguesa se desmorona cando a filla de catorce anos namórase dun mozo por internet. Mentres as súas amigas preparan con entusiasmo a tradicional festa dos quince anos, ela non sabe como explicar a súa familia que o seu noivo é negro.

NATALIA CABRAL

Directora, montadora, guionista e produtora nada en 1981 en Santo Domingo. Estuda cine na Escola Internacional de San Antonio dos Baños, Cuba (EICTV). Xunto coa súa parella Oriol Estrada, ten dirixido documentais como, *Ti e eu* (2014), e *O Sitio dos Sitios* (2016), ambos seleccioados en importantes festivais internacionais de cine

ORIOI ESTRADA

Director, montador, guionista e produtor. Nado en Capellades, Cataluña en 1983. Estuda cine na Escola Internacional de San Antonio dos Baños, Cuba (EICTV). Xunto coa súa parella Natalia Cabral, ten dirixido documentais como *Ti e eu* (2014), e *O Sitio dos Sitios* (2016), ambos seleccioados en importantes festivais internacionais de cine Este filme é o debut para ambos na longametraxe, tamén, o último traballo.

ABRIL
22
Luns ás 20:30h

LA FRANCESITA de GONZALO JUSTINIANO
(A FRANCESIÑA)
CHILE 2017; 95' V.O.

Ficha técnica

|||||

Dirección e Guion: Gonzalo Justiniano

Música: Miranda e Tobar

Fotografía: M.I. Littin-Menz

Ficha artística

|||||

Nathalia Aragonese

Elías Collado

Daniel Contesse

MELLOR DIRECCIÓN DE ARTE NO CINE CEARÁ - NACIONAL CINEMA FESTIVAL 2018

SINOPSE

A coñecida como “A Francesiña”, é unha muller chilena, de carácter, atractiva e valente, que vive o día a día nun barrio marxinal de Santiago, no Chile de Pinochet.

GONZALO JUSTINIANO

Director, montador, guionista e produtor. Nado en Santiago de Chile no 1955. Estuda na Universidade de París e na Escola de Cine Louis Lumière. En 1984 dirixe a súa primeira longametraxe, *Os fillos da Guerra Fría*, Premio de Ópera Prima en Biarritz, do Fórum na Berlinale e de Dirección en Cartaxena. Logo rodou *Sussi* (1988), estreada tamén con gran éxito. *Caluga ou menta* (1990), foi o seguinte traballo. *Amnesia* (1994), a cuarta longametraxe, considerada unha das máis comprometidas.

Outros dos seus títulos: *Tiven un soño contigo* (1999), *O Leyton* (2002), *B-Happy* (2004), *Lokas* (2008), *Alguén ten visto a Lupita?* (2010).

Este filme é o seu último traballo.

ABRIL **FILME SORPRESA**
29
Luns ás 20:30h

Filmes de rigorosa estrea que están a formar parte da programación dos mellores festivais de cine do mundo. Se unha vez iniciada a proxección alguén decide saír, poderá facelo durante os primeiros 15 minutos e devolveráselle o importe da cota pagada.

COLABORACIÓNS

* Na nosa colaboración coa Alianza Francesa, o filme deste mes é ***Corniche Kennedy***, de Dominique Cabrera (Francia 2017). A proxección será o vindeiro xoves 11 de abril, ás 20:30h, no Auditorio Municipal de Vigo.

* Grazas ao acordo coa librería LIBROURO (rúa Eduardo Iglesias, n.º 12), todas as persoas asociadas terán un desconto do 5% nas compras logo da presentación do carné.

* Todas as persoas asociadas que dispoñan de correo electrónico poderán solicitar o envío da programación.

* Non se permitirá o acceso ao auditorio unha vez comezada a proxección.

* O uso do teléfono móbil na sala co filme iniciado será motivo de expulsión da mesma sen reintegro dos cartos da cota pagada.

CINECLUBE LUMIÈRE DE VIGO Rúa Doutor Cadaval 33, 4.º A - 36202 Vigo - http://www.lumierevigo.com info@lumierevigo.com	
PREZOS	
Cota anual soci@:	18 euros
Cota filme soci@:	4 euros
Bono Lumière 5 filmes:	15 euros (só soci@s)
Cota filme colaborador@:	5 euros
PARAD@S, con carné:	4 euros